

4.—No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, a recadación das cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán todos os vehículos suxeitos ao imposto que se atopen inscritos no correspondente rexistro público a nome de persoas ou entidades domiciliados no termo municipal.

ARTIGO 9. DEVOLUCIÓN

A devolución das cotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa do vehículo deberá ser solicitada por este, e tramitarse conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos indebidos.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto na presente ordenanza serán de aplicación as disposicións establecidas na normativa tributaria aplicable.

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2013 e aplicarse en tanto non se acorde a súa derogación ou modificación.

Covelo, a 20 de decembro de 2012.—O Alcalde, José Costa Díaz.

2012011919

* * *

O GROVE

A N U N C I O

Detectado erro no anuncio de aprobación definitiva de ordenanza fiscal aprobada inicialmente polo Pleno do Concello do Grove en sesión celebrada o día 29 de febreiro de 2012 e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 102 de 29 de maio de 2012, relativo á tarifa contida no artigo 6 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reserva de espazo para estacionamento, carga e descarga, pola presente publícase o texto definitivo da citada Ordenanza Fiscal, procédese á publicación do artigo 6 tal e como foi aprobado polo Pleno

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA

As tarifas desta taxa serán as que figuran no seguinte cadro e que responde á natureza do aproveitamento, superficie e situación do espazo reservado.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVA DE ESPAZO PARA ESTACIONAMENTO, CARGA E DESCARGA		
TARIFAS		
SITUACIÓN DA RESERVA OU APROVEITAMENTO	CONCEPTO	IMPORTE
A) Beiramar, pza. do Corgo, Castelao, Concepción Arenal, Jaime Solá, Hospital, Cándido Acuña, Luis Casais, Luis A. Mestre, Rúa da Praza, Pablo Iglesias, Alexandre Bóveda, Tte. Domínguez, Pratería, Peralto, A Toxa, San Vicente do Mar, Pedras Negras.	VAOS	
	Entrada de vehículos uso doméstico ou comunitario	18,00 €/praza/ano
	Entrada de vehículos para uso empresarial de estacionamento	36,00 €/praza/ano
	Entrada de vehículos uso doméstico ou comunitario	15,00 €/praza/ano
B) Resto de rúas e lugares	Entrada de vehículos para uso empresarial de estacionamento	36,00 €/praza/ano
A) Beiramar, pza. do Corgo, Castelao, Concepción Arenal, Jaime Solá, Hospital, Cándido Acuña, Luis Casais, Luis A. Mestre, Rúa da Praza, Pablo Iglesias, Alexandre Bóveda, Tte. Domínguez, Pratería, Peralto, A Toxa, San Vicente do Mar, Pedras Negras.	RESERVA ESPAZO CARGA E DESCARGA	
	Reserva de espazo	30,00 €/m ² /ano
	Reserva de espazo	25,00 €/m ² /ano
B) Resto de rúas e lugares		
Placa co sinal oficial e tramitación da concesión		20,00 €/placa

O Grove, a 19 de decembro de 2012.—O Alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

2012011929